

DOCUMENTACIÓN SEGUNDO TRIMESTRE
-ESCOLA DE SAN VICENTE-



E CHEGOU O SEGUNDO TRIMESTRE!

AO LONGO DESTAS PÁXINAS DEIXÁMOSVOS UNHA PEQUENA MOSTRA DE TODO O VIVIDO, EXPERIMENTADO, APRENDIDO E TRABALLADO NA ESCOLA DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE.

Á VOLTA DAS VACACIÓNS, OS NENOS E NENAS LEVARON UNHA GRAN SORPRESA AO DESCUBRIR QUE ALGUÉN PASARA POLA ESCOLA A DEIXAR AGASALLOS...

YO CREO QUE SE PODRÍA
APRENDER SIN TENER QUE
ODIAR LO QUE ESTUDIAMOS




- RECTA NUMÉRICA
- XEOPLANO
- XOGO LÓXICO

DESPOIS DE POÑERNOS AO DÍA E COMPARTIR TODO O VIVIDO DURANTE O NADAL, VOLVEMOS ÁS NOSAS RUTINAS DE AULA CON NOVAS PROPOSTAS, NOVOS TALLERES, MOITO XOGO, INSTALACIÓNS, SAÍDAS... UNHA GRAN VARIETADE DE EXPERIENCIAS E VIVENCIAS CONECTADAS COA NOSA REALIDADE E CONTORNA (O INVERNO, A CHEGADA DA PRIMAVERA, O ENTROIDO...). AQUÍ VOS DEIXAMOS UN RESUMO:

CONMEMORACIÓN E CELEBRACIÓN

DÍA DA PAZ

TRABALLAMOS CO CONTO "A HORTA DE SIMÓN", E, PARTINDO DEL, ELABORAMOS UN MURAL PARA DECORAR A NOSA AULA, AÍNDA QUE FOI INTERROMPIDO POLA NOSA CORENTENA.



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

DURANTE A ÚLTIMA QUINCENA DE FEBREIRO LEVAMOS A CABO DIFERENTES ACTIVIDADES DIRIXIDAS A TRABALLAR A FIGURA DE ROSALÍA DE CASTRO.



TARXETAS COA FLOR QUE MÁIS LLE GUSTABA A ROSALÍA, OS PENSAMENTOS, E PALABRAS DOS SEUS POEMAS.



TAMÉN EN TALLERES E
PROPOSTAS:



ARTE

MATEMÁTICAS



E, PARA LEMBRAR ESTA CELEBRACIÓN, PLANTAMOS PENSAMENTOS NAS ESCOLAS.



RECIBIMOS A VISITA DE CHARO PITA, QUE VEU
CONTARNOS HISTORIAS NAS QUE MESTURA CONTOS E
MÚSICA

CONTACONTOS CON CHARO PITA



DÍA DA MULLER

IGUAL QUE O RESTO DE ESCOLAS, PARTICIPAMOS NO CONCURSO
DE CARTEIS PARA O 8 DE MARZO QUE ORGANIZA O CONCELLO DE
MEIS.

FALAMOS SOBRE O PORQUÉ DA CELEBRACIÓN DESTE DÍA E
BUSCAMOS IDEAS PARA O NOSO CARTEL.



TAMÉN, COMO PARTE DOS ACTOS RELACIONADOS CO 8M, GOZAMOS DUNHA SESIÓN DE CONTACONTOS E XOGOS CON JESSICA RODRÍGUEZ, AUTORA DO CONTO "PEÚGO, O CALCETÍN MELENUDO".



SEMANA DA PRENSA

NA PRIMEIRA QUINCENA DE MARZO CELEBRAMOS A SEMANA DA PRENSA.

FIXEMOS UNHA INSTALACIÓN DE XOGO CON PAPEL DE XORNAL NA QUE PUIDEMOS VELOS, MANIPULALOS, "LELOS" E XOGAR CON ELES.



DÍA DA ÁRBORE E DA AUGA

LEMBRAMOS A IMPORTANCIA DA AUGA PARA NÓS, PARA OS ANIMAIS E PARA O PLANETA; APRENDEMOS UN RECITADO ACOMPAÑADO DE XOGO DE DEDOS E FIXEMOS UN PEQUENO RITUAL DE AGRADECIMENTO Á AUGA.



AUGA, AUGA, QUE VAI POLO RÍO
E MOVE A NATURIZO NO SEU CAPACHIÑO.
PARA O MEU PIÑEIRO,
QUE MEDRA LIXEIRO.
PARA O MEU CARBALLO,
QUE MEDRA BEN ALTO.
PARA O LOUREIRO ,
QUE TEN MOI BO CHEIRO.
PARA AS PLANTIÑAS,
QUE TEÑEN FLORIÑAS.
PARA ME BAÑAR CANDO CHEGA O
VERÁN.



PERO A PRINCIPAL PROPOSTA PARA CELEBRAR ESTA CONMEMORACIÓN FOI A XORNADA DE CONVIVENCIA COA ESCOLA DE SAN TOMÉ E O PASEO Á BEIRA DO REGATO QUE TEÑEN PRETO DO COLE, GOZANDO CO CONTACTO COA NATUREZA E A AUGA.

ANTES DA SAÍDA, TOPÁMONOS CUNHA SORPRESA: UNHA CARTA DE RABUÑOSO E MÁXICA FALÁNDONOS DUNHA ÁRBORE DE RIBEIRA... RETÁRONNOS A DESCUBRIR CAL ERA E A ATOPALA.



É TEMPO DE ENTROIDO

ESTE ANO, O CARNAVAL CHEGOU CON FORZA ÁS NOSAS ESCOLAS. EMPEZAMOS CEDO, XA QUE A IDEA FOI PERCORRER PARTE DA XEOGRAFÍA GALEGA PARA DESCUBRIR A ALGÚNS DOS PERSONAXES MÁIS RECOÑECIDOS DOS NOSOS ENTROIDOS. FOI UNHA VIAXE MOI ENRIQUECEDORA QUE ACHEGOU AOS NENOS E NENAS A TRADIÇÃO E COSTUMES PROPIOS DA NOSA CONTORNA. DESFRUTÁMOLO MOITO.

ARRANCAMOS CUNHA SORPRESA EN FORMA DE ELEMENTOS DE DISFRACE PARA IR QUENTANDO MOTORES E COA GUÍA DE DOUS LIBROS IMPRESCINDIBLES : "É TEMPO DE ENTROIDO" E "NON PARE A FESTA. É TEMPO DE ENTROIDO 2".



TAMÉN USAMOS OBXECTOS DE ENTROIDO PARA ELABORAR UNHA INSTALACIÓN LÚDICA A TRAVÉS DA CAL, COMO EN TODAS AS INSTALACIÓNS, OFRECEMOS UN ESPAZO E UNS MATERIAIS COS QUE OS NENOS E NENAS PUIDERON CREAR NUMEROSAS POSIBILIDADES DE XOGO ESPONTÁNEO.





XA NA PROPIA SEMANA PREVIA ÁS VACACIÓNS, FOI DIVERTIDO SEGUIR OS MANDATOS FESTEIROS DE RABUÑOSO E ACUDIR Á ESCOLA ADOBIADOS CON ENTROIDADAS. A FESTA DE DISFRACES PECHOU A SEMANA CON BAILE , DIVERSIÓN, DOCES TÍPICOS E MOITA TROULA!



EN TODA A NOSA VIAXE POLOS ENTROIDOS GALEGOS, ACOMPAÑOUNOS RABUÑOSO. FIXO UNHA PARADA NA SÚA AVENTURA RÍO ABAIXO E ANIMOUSE A PERCORRER GALICIA. ASÍ PUIDO ENVIARNOS UN VÍDEO DE CADA UN DOS PERSONAXES QUE TRABALLAMOS NA AULA: AS MADAMAS E OS GALÁNS DE COBRES; OS VOLANTES DE CHANTADA; OS PELIQUEIROS DE LAZA; AS PANTALLAS DE XINZO ; OS BOTEIROS DE VIANA E OS XENERAIS DO ULLA. NO APARTADO DE PROPOSTAS E TALLERES DE CADA ZONA DE APRENDIZAXE, DETALLAMOS ESTE TRABALLO.

ESPAZOS DE APRENDIZAXE

ESPAZO DE LINGUAXE

PROPOSTAS DE TRABALLO PARA SEGUIR POTENCIANDO O TRABALLO DA PSICOMOTRICIDADE FINA, A DIRECCIONALIDADE, A LATERALIDADE, A CONCIENCIA FONOLÓXICA, ETC. RESPECTANDO O RITMO PARTICULAR DE CADA NENO/A E SEN FORZAR OS TEMPOS DE APRENDIZAXE.





RULETA DE INVERNO



CLASIFICACIÓN CAMPOS SEMÁNTICOS



BÚSQUEDA PERSONAXES ENTRE CONFETI

TALLERES:


O OBXECTIVO DESTES TALLERES FOI QUE OS NENOS E NENAS INCORPOREN VOCABULARIO NOVO E VAIAN RECOÑECENDO A FUNCIONALIDADE DE TEXTOS LITERARIOS COMO A RIMA. FIXÉMOLO A TRAVÉS DA PRESENTACIÓN DOS PERSONAXES DO ENTROIDO.

TALLER ENTROIDOS GALEGOS



CUNHA DINÁMICA MOI MOTIVADORA E DIVERTIDA (ESTOUPAR OS GLOBOS PARA ATOPAR UNHA LETRA,
AGOCHADA) AMPLIAMOS VOCABULARIO, INTRODUCIMOS EXPRESIÓN ESCRITA E CONTINUAMOS
POTENCIANDO O RESPECTO DAS QUENDAS DE PALABRA.

TALLER
GLOBOGRAMAS



FALANDO DAS NOSAS EXPERIENCIAS COS POSTRES DE ENTROIDO PRACTICAMOS O USO DE FRASES DE CONSTRUCCIÓN SINXELA, AMPLIAMOS E USAMOS CON PRECISIÓN NOVO VOCABULARIO E, NESTE CASO, ACHEGÁMONOS A UN FORMATO CONCRETO DE TEXTO ESCRITO : A RECEITA.

TALLER POSTRES DE ENTROIDO



CO EMPREGO DO LIBRO "EL ABECEDARIO TRAVIESO" AVANZAN NA CONCIENCIA FONOLÓXICA E NA RELACIÓN GRAFEMA-FONEMA.


TALLER O ABECEDARIO "TRAVIESO"



ESTE TRIMESTRE, INCORPORAMOS OS SEGUINTES MATERIAIS ESPECÍFICOS NA ZONA DE LINGUAXE:

A CAIXA DE SONS: CADA CAIXÓN DESTA CAIXA TEN ASIGNADA UNHA OU VARIAS LETRAS (SE SOAN IGUAL) E DENTRO DE CADA UN DELES PODEMOS ATOPAR DIFERENTES "MINIATURAS" (OBXECTOS PEQUENOS CUXA PRIMEIRA LETRA SE CORRESPONDE CO SON MARCADO NO CAIXÓN); FOTOS DOS COMPAÑEIROS/AS; FOTOS DE DIFERENTES TEMAS...

OS OBXECTIVOS PRINCIPAIS DESTE MATERIAL SON TRABALLAR A **CONCIENCIA FONOLÓXICA** E **RECOÑECER E IDENTIFICAR FONEMAS, SÍLABAS E PALABRAS** INDEPENDENTEMENTE.



AS LETRAS EN SURCO: ESTAS LETRAS OCAS SON UNHA PREPARACIÓN PERFECTA PARA QUE OS MOVEMENTOS DE ESCRITURA SE REALICEN DUNHA MANEIRA MOI EXACTA, POLO QUE SERÁN DE GRANDE AXUDA PARA QUE OS NENOS E NENAS DESENVOLVAN AS SÚAS **HABILIDADES ESCRITORAS**. É UN MATERIAL EXCELENTE PARA **ACOMPANAR A COMPRESIÓN E INTERIORIZACIÓN DAS GRAFÍAS**.

ESPAZO DE LÓXICA MATEMÁTICA

PROPOSTAS E TALLERES PARA TRABALLAR: IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS, ORDENACIÓN, DIFERENCIACIÓN, A MEDIDA: LONXITUDE, CONTEO E DESCOMPOSICIÓN DE CANTIDADES, ASÍ COMO ASPECTOS BÁSICOS DE XEOMETRÍA. ORGANIZADOS TENDO EN CONTA DOUS NIVEIS DE APRENDIZAXE PARA RESPECTAR OS RITMOS E DESENVOLVEMENTO MADURATIVO DE CADA NENO E NENA.

PROPOSTAS DE TRABALLO:

LÓXICA

ORDENACIÓN
CUANTITATIVA:
ORDENACIÓN POR
CANTIDADE DE
ELEMENTOS.



NUMERACIÓN

CONTEO E ASOCIACIÓN
DE CANTIDADE - NÚMERO.



RECTA NUMÉRICA.



XEOMETRÍA

IDENTIFICACIÓN E
TRAZADO DE FORMAS
XEOMÉTRICAS.



ASOCIACIÓN DE FORMAS
XEOMÉTRICAS CON
OBJECTOS DO CONTORNO.



MEDIDA

CHEO/BALEIRO



A MEDIDA DO TEMPO. SECUENCIAS TEMPORAIS.



OUTRAS PROPOSTAS:




TALLERES:

CADA TALLER DE LÓXICA MATEMÁTICA TRABALLA UNS CONTIDOS MOI CONCRETOS SEGUINDO ESTA SECUENCIA:

- ✓ FASE VIVENCIAL
- ✓ FASE MANIPULATIVA
- ✓ FASE DE REPRESENTACIÓN

ADEMAIS DO CONTEO, TRABALLAMOS A ORDE DE CANTIDADES (MENOR A MAIOR E MAIOR A MENOR), ASÍ COMO IDENTIFICACIÓN DOS GRUPOS DE CANTIDADES CO SEU NÚMERO (FALTAN AS FOTOS DA FASE VIVENCIAL).



TRABALLAMOS EN PROFUNDIDADE A RECTA NUMÉRICA, XA QUE SE FAI IMPRESCINDIBLE A SÚA MEMORIZACIÓN PARA CHEGAR A DAR O NÚMERO DUNHA CANTIDADE.




PRACTICAR CAMBIOS DE CUALIDADES É A BASE PARA COMPRENDER O SIGNIFICADO DAS OPERACIONS. NESTE TALLER EMPREGAMOS UNHA "MÁQUINA TRANSFORMADORA" E TRES MOMENTOS : -SITUACIÓN INICIAL (DATOS); SITUACIÓN INTERMEDIA DE CAMBIO ; - SITUACIÓN FINAL (RESULTADO).

TALLER DE TRANSFORMACIÓN



CLASIFICACIÓN DE ELEMENTOS SEGUNDO A SÚA LONXITUDE (LONGO /CURTO); COMPARACIÓN TOMANDO UN ELEMENTO COMO REFERENZA (MÁIS LONGO QUE/MÁIS CURTO QUE) ; ORDENACIÓN ATENDENDO Á LONXITUDE (MAIOR A MENOR, MENOR A MAIOR)

TALLER DE MEDIDA:
LONXITUDE



TRABALLAMOS ASPECTOS XEOMÉTRICOS BÁSICOS: A LIÑA (RECTA E CURVA) E NOCIÓNS ESPACIAIS (PRETO -LONXE)

TALLER DE XEOMETRÍA:
LIÑA RECTA /LIÑA CURVA




NO DESENVOLVEMENTO MATEMÁTICO DOS NENOS E NENAS FAISE IMPRESCINDIBLE TRABALLAR O CONCEPTO DE SIMETRÍA. AS ACTIVIDADES CON ESPELLOS SON UNHAS DAS MÁIS MOTIVADORAS PARA PRESENTAR ESTE CONCEPTO.

TALLER DE XEOMETRÍA:
SIMETRÍAS



DURANTE ESTE TRIMESTRE INCORPORAMOS OS SEGUINTE MATERIAIS ESPECÍFICOS NO ESPAZO DE LÓXICA-MATEMÁTICA

BARRAS NUMÉRICAS VERMELLAS E AZUIS: DA PEDAGOXÍA MONTESSORI, AXUDAN A TRABALLAR ASPECTOS DAS MATEMÁTICAS, COMO O CONCEPTO DE NÚMERO E CANTIDADE, DE XEITO MANIPULATIVO E VIVENCIAL



RECTA NUMÉRICA XIGANTE: RECURSO MOI MOTIVADOR PARA INTERIORIZAR A ORDE DA TIRA NUMÉRICA, IDENTIFICAR NÚMEROS E INCLUSO ASOCIAR NÚMERO E CANTIDADE. TODO ISTO DE XEITO LÚDICO, POIS PERMITE A REALIZACIÓN DE INFINIDADE DE XOGOS QUE COMBINAN AS MATEMÁTICAS CO MOVEMENTO E A ACTIVIDADE.



ESPAZO DE ARTE E SENSORIAL

AO LONGO DESTA SEGUNDO TRIMESTRE, SEGUIMOS PROGRAMANDO PROPOSTAS E TALLERES QUE ESTIMULAN TODOS OS SENTIDOS (ESPECIALMENTE O TACTO) E QUE LLES PERMITIRON AOS NENOS E NENAS FACER USO DE DISTINTAS FORMAS DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN, CONTRIBUÍNDOLLES, DESTA XEITO, AO SEU DESENVOLVEMENTO INTEGRAL.

PROPOSTAS:

COMPOSICIÓN DE MÁSCARAS CON PEZAS SOLTAS (NON HAI FOTOS)

MESA SENSORIAL: FARIÑA (INSPIRADA NO ENTROIDO DE LAZA).



FOLERPA DE NEVE PARA DECORAR CON PEZAS SOLTAS.



MESA SENSORIAL : NEVE ARTIFICIAL.



VESTIR A ROSALÍA (ESQUEMA CORPORAL, COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL)



NESTE TALLER EXPERIMENTAMOS SENSACIÓNS TÁCTILES COA PINTURA LÍQUIDA NA PALMA DA MAN, NO ANTEBRAZO E NAS XEMAS DOS DEDOS

TALLERES

TALLER MURAL
DE INVERNO



DESEÑADO PARA ESTA CONMEMORACIÓN, NON PUIDEMOS REMATALO POLA INTERRUCCIÓN DA CORENTENA.

TALLER
MURAL DÍA DA PAZ



EMPREGANDO UN PARAUGAS COMO ESTRUCTURA DE BASE E DECORÁNDOO CON FITAS DE CORES LOGRAMOS REPRODUCIR O PUCHO DO VOLANTE, PERSONAXE DO ENTROIDO DE CHANTADA.

TALLER
ENTROIDO RIBEIRAO



EXERCITAMOS A DESTREZA MANUAL , INTRODUCIMOS ELEMENTOS SONOROS ELABORANDO CINTOS COMA OS DAS PANTALLAS DE XINZO E ESCENIFICAMOS OS DESFILES DESTE OUTRO PERSONAXE DO ENTROIDO.

TALLER PANTALLAS
DE XINZO



TALLER DE ESTIMULACIÓN SENSORIAL A TRAVÉS DO MODELADO EN BARRO. REPRODUCIMOS AS OLAS CHEAS DE FARIÑA USADAS NO DOMINGO OLEIRO E ADAPTAMOS ESTA TRADICIÓN FACENDO UN XOGO NO QUE INTENTAMON MANTER AS OLAS ENTEIRAS.

TALLER
DOMINGO OLEIRO



NON FOI PLANTEXADO UN TALLER COMO TAL, PERO FIXEMOS VARIAS ACTIVIDADES, ALGUNHAS DELAS GRAZAS Á COLABORACIÓN DA PROFE HENAR DE PARADELA, QUE NOS ACHEGARON AO ENTROIDO DAS MADAMAS E OS GALÁNS DE VILABOA.

ACTIVIDADES
SOBRE O ENTROIDO
DE COBRES



PARA ESTE TALLER EMPREGAMOS UNHA TÉCNICA NOVIDOSA E MOI MOTIVADORA CON PINTURA LÍQUIDA E MARTELO DE XOGUETE PARA GOLPEAR E SORPRENDERSE CO RESULTADO

TALLER: EXPLOSIÓN DE PRIMAVERA



ESTE TRIMESTRE INCORPORAMOS COMO MATERIAL ESPECÍFICO DO ESPAZO DE CREACIÓN:

PEZAS SOLTAS COMERCIAIS: MATERIAL NON ESTRUTURADO QUE SE ENGADE Á COLECCIÓN DE PEZAS SOLTAS DA NATUREZA QUE XA TIÑAMOS E QUE ALIMENTA A CREACIÓN LIBRE FOMENTANDO A CREATIVIDADE, EXPERIMENTACIÓN, DESTREZA MANUAL, ETC.
A TEORÍA DAS PEZAS SOLTAS PARTE DA IDEA DE QUE A CREATIVIDADE É DIRECTAMENTE PROPORCIONAL AO NÚMERO DE VARIABLES QUE O ALUMNADO ATOPE PARA CREAR.



ESPAZO DE VIDA PRÁCTICA

PROPOSTAS PARA SEGUIR POTENCIANDO A CONCENTRACIÓN, AUTONOMÍA, SEGURIDADE E CONFIANZA
NUN MESMO/A, COORDINACIÓN...



PROXECTO DE CENTRO

ADEMAIS DE TODO O ANTERIOR, TAMÉN TIVEMOS TEMPO PARA LEVAR A CABO ALGUNHA ACTIVIDADE RELACIONADA CO PROXECTO DO CENTRO QUE, NO CASO DA NOSA ESCOLA, ESTAMOS CENTRANDO NO ACHEGAMENTO A ALGUNHA DAS ÁRBORES DA NOSA CONTORNA. RECIBIMOS NOVAS DE RABUÑOSO E DA SÚA VIAXE POLO RÍO. TAMÉN EL ESTÁ MOI INTERESADO EN SABER COUSAS DA VEXETACIÓN AUTÓCTONA... E ASÍ VAN XURDINDO PROPOSTAS QUE MOTIVAN E ACHEGAN COÑECEMENTO AOS NENOS E NENAS.

RABUÑOSO
MÁNDANOS
SEMENTES DE
ÁBORES PARA
PLANTAR NO
NOSO PATIO.



TRABALLAMOS
COA CANCIÓN
"ECOLOXISTA"
DE PABLO DÍAZ.





TRABALLAMOS O
AMENEIRO,
DESPOIS DE
RECIBIR UNHA
CARTA DE
RABUÑOSO O
DÍA DA SAÍDA
AO RÍO.



VOZ NATURA

A HORTA DE SAN VICENTE ESTÁ CADA VEZ MÁIS ESPLENDOROSA. AOS POCOS , FOMOS INCORPORANDO CULTIVOS E ESTAMOS A PIQUES DE PODER DEGUSTAR ALGO DA COLLEITA.



ANIVERSARIOS

NESTA SEGUNDA PARTE DO CURSO XA HOUBO NENOS E NENAS QUE FIXERON UN ANO MÁIS. PARA HOMENAXEALOS FIXEMOS A CELEBRACIÓN DE VIDA MONTESSORI, QUE AXUDA A INTERIORIZAR OS CONCEPTOS RELACIONADOS CO PASO DO TEMPO.

CONSISTE NO SEGUINTE: OFRÉCESELE AO NENO OU NENA QUE CUMPRE ANOS UNHA PELOTA OU BÓLA DO PLANETA TERRA. CON ELA NAS MANS, DÁ TANTAS VOLTAS COMO ANOS CUMPRE ARREDOR DO SOL, PASANDO POR TODOS OS MESES E ESTACIÓNS (TEMOS UN TAPETE ESPECÍFICO PARA ISO).

MENTRES VAI FACENDO O PERCORRIDO, IMOS LEMBRANDO CANTOS ANOS CUMPRIU EN CADA VOLTA, VENDO AS SÚAS ANTIGAS FOTOS E COMPROBANDO CANTO MEDROU. AO REMATAR, SOPRA A VELA, CANTÁMOSLE, APLAUDIMOS E COMPARTIMOS UN DOCE AO QUE CONVIDA O HOMENAXEADO/A.

EN FEBREIRO CUMPRIU **UXÍA**



EN MARZO CUMPRIRON **PABLO**



E **MARTA**



E CON TODO ISTO MÁIS MOITO XOGO...



CHEGAMOS AO FINAL DO SEGUNDO TRIMESTRE.

**COMEZÁMOLO CELEBRANDO O INVERNO
E REMATÁMOLO DANDO A BENVIDA Á PRIMAVERA.**

BO DESCANSO E ATA A VOLTA!



MÚSICA. 2º TRIMESTRE (2021-22)

ADEMAIS DE XOGOS RÍTMICOS, CANCIÓNS CON BAILE E XESTOS, CANCIÓNS MOTORAS... NESTE SEGUNDO TRIMESTRE OS CONTOS SON OS PROTAGONISTAS DAS SESIÓNS DE MÚSICA. LEMOS O CONTO, CANTAMOS A CANCIÓN, ACOMPAÑAMOS CON INSTRUMENTOS, BAILAMOS E, POR ÚLTIMO, DRAMATIZÁMOLO. ASÍ FIXEMOS CON HISTORIAS COMO: CHIBOS CHIBÓNS, A PRINCESA DO CAUREL, OS TRES PORQUIÑOS, A MELLOR SOPA DO MUNDO...

A MÚSICA É UNHA FERRAMENTA EXCELENTE PARA FOMENTAR RELACIÓNS, GOZAR XUNTOS, COLABORAR, IDENTIFICAR EMOCIÓNS, DESENVOLVER A MOTRICIDADE GROSA E FINA, MELLORAR A EXPRESIÓN CORPORAL, A EXPRESIÓN ORAL, A MEMORIA, A ATENCIÓN, A CREATIVIDADE...





Memoria psicomotoridade 2º trimestre

Neste 2º trimestre dende esta area seguimos acompañando o proceso de maduración do alumnado a través do movemento e da súa acción. En termos curriculares podemos falar de que *CORPO* e *XOGO* seguen a ser os principais contidos, así como o eixo metodolóxico sobre o que xiran as nosas propostas.

Moitos dos xogos e propostas seguen a ser de natureza sensoriomotora (actividades que implican xiros, saltos, caídas, balanceos, equilibrios...), xogos de persecución, de esconderse ou de destrución e construción.




Sesión "O agasallo" na que á volta de nadal o alumnado se atopa con unha gran caixa. Na fase de acollida, a maioría manifesta que lles gustaría que estivera chea de xoguetes mais o seu contido (material de refugallo e algún que outro material de psicomotoridade) resultou ser ben divertido.

A través desta sesión traballamos materias como o consumismo ou a reciclaxe, reflexionando sobre se é necesario ter tantos xoguetes como os que lles trouxeron en Nadal para poder desfrutar do xogo.

Mais imos máis alá na identificación do propio "eu" do neno nun contexto de xogo social no que ten que compartir espazos, dinámicas de xogo e mesmo cooperar para acadar tanto obxectivos individuais coma comúns. Así mesmo introdúcense xogos regrados que requiren unha atención e comprensión da norma cada vez maior.



Este xogos poden ser propostos, coma na primeira imaxe, onde cantando unha rima van agarrando diferentes partes do corpo antes de chegar á pelota, intentando atrapala antes que o compañeiro. Ou xorden de xeito espontáneo nas propostas libres e ambientes de aprendizaxe, ben establecido polos propios espazos e materiais, ben como resultado dun acordo común, ou mediante provocacións e a mediación do adulto.



Na primeira parte da sesión, nos momentos de acollida e animación, foi necesario incluír actividades de movemento que invitasen á calma e ao autocontrol tanto emocional coma, e por extensión, corporal. O nivel de intensidade do grupo adoita ser alto, sobre todo á volta de vacacións e pontes.



Traballamos a contención, o sentirse seguros, o equilibrio emocional, tanto a través da palabra coma do movemento controlado. As emocións condicionan o movemento. Este traballo das sensacións internas e do tono muscular logo é levado á acción tanto nas propostas de exploración libre coma nas tarefas asignadas. No exemplo podemos ver esta consciencia corporal ao intentar pasar polos aros sen derrubalos ou ao intentar coller obxectos.

O Entroido foi o contido transversal que nos valeu como gran centro de interese para poñer en practica habilidades e destrezas varias. Tanto a través do xogo simbólico coma da dramatización e expresión corporal nas clases de "psico" coláronse peliqueiros, pantallas, boteiros e mesmo osos.



Os contos e a música tamén estiveron presentes este trimestre a través de libros coma *El gran libro de los deportes de Gerónimo Stilton* ou o de *A princesa do Caurel*. Nas últimas semanas convertémonos nas diferentes personaxes deste conto e coas que traballamos diversas habilidades coordinadas mediante xogos de precisión, tamén o corpo e as súas capacidades expresivas a través do xogo simbólico e xogo de roles, pero sobre todo a orientación do corpo no espazo, xa que estas cabritas tiveron que ir ata ao Caurel devolverlle o anel perdido á princesa, pasando por diferentes camiños e sorteando diversidade de obstáculos e perigos.





LINGUA ESTRANXEIRA

NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO SEGUNDO TRIMESTRE APRENDIMOS E REPASAMOS OS NÚMEROS DO 1 AO 5/10 A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: *"HOW MANY FINGERS"*, *"FIVE LITTLE MONKEYS"*, *"FIVE LITTLE DUCKS"* ENTRE OUTRAS, DIVERSOS VIDEOS E XOGOS COS MATERIAIS DAS AULAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: *"WHAT NUMBER IS THIS? IT IS A..."*, *"HOW MANY...?"*



TAMÉN APRENDIMOS O **TEMPO** UTILIZANDO BLOQUES LÓXICOS, FLASHCARDS E CANCIÓNS COMA *"HOW IS THE WEATHER?"* ENTRE OUTRAS E DIVERSOS VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: *"WHAT'S THE WEATHER LIKE? IT IS RAINING"*, *HOW IS THE WEATHER?"*.



APRENDIMOS E REPASAMOS AS PARTES DO CORPO BAILANDO E CANTANDO: **"HEAD, SHOULDERS, KNEES AND TOES"**, **"ONE LITTLE FINGER"**, **"SHAKE IT OUT"**, **"THIS IS ME"** ENTRE OUTRAS E DIVERSOS VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE APRENDENDO VOCABULARIO COAS FLASHCARDS E O NOSO CORPO; TAMÉN XOGANDO A **"SIMON SAYS: TOUCH YOUR HEAD, NOSE, ETC"**.



VIMOS TAMÉN A ROUPA CON AS FLASHCARDS, VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE E CANCIÓNS COMA: "CLOTHES SONG", "WHAT ARE YOU WEARING TODAY?".



ATENCIÓN EDUCATIVA SAN VICENTE




Nas sesións de atención educativa, tomamos como orixe do noso traballo, os centros de interese: "días especiais, momentos e vivencias da nosa contorna e doutros contextos máis afastados".

Utilizaremos como técnicas: choivas de ideas, reflexións, representacións gráficas a través do debuxo, modelado con plastilina, etc.

Neste segundo trimestre conmemoramos o "Día da Paz", a través da lectura do conto: "A guerra dos números", decoramos a Pomba da paz e traballamos o símbolo da paz que o representa

Tamén celebramos o Entroido, falando da forma de celebración tradicional galega e elaboramos máscaras de entroido.

Doutra banda, profundamos en valores como: a sinceridade, a verdade e o seu oposto: a mentira; valores cos que convivimos e desenvolvémonos. Para iso, utilizamos o conto: "Sinceridade", que nos permite sentir a través dos seus personaxes estes valores.






ESCOLA DE SAN VICENTE: ACTIVIDADES RELIXIÓN 2º TRIMESTRE

Durante o 2º trimestre, en relixión, traballamos os seguintes contidos:


- Celebración do día escolar da paz e da non violencia.
- Coñecemos outras realidades.
- A familia de Xesús.
- Os amigos de Xesús: os apóstolos.
- O apóstol Santiago e a Catedral de Santiago.



- Contamos o conto "Soy pacífico", onde aprendemos como poñer o noso gran de area para facer a paz na nosa escola, cos nosos amigos, na nosa familia...



- Fixemos un folio xiratorio no que debuxamos cousas que para nós representan a paz.
- Cunha chuvia de ideas, engadimos palabras que nos levan a construír a paz.



- Contamos o conto “Leonor y la paloma de la paz”.
- Pintamos unha “tarxeta” con cousiñas de paz para os nosos amigos.



- A través de imaxes, coñecemos realidades doutros países comparándoas coa nosa realidade: escolas en países subdesenvolvidos, como consiguen a auga, nenos que se ven obrigados a traballar...



- Debuxámonos arredor do mundo. Queremos ser amigos dos nenos doutros países que teñen unha realidade moi diferente á nosa.



- A través de marionetas, coñecemos á familia de Xesús.
- Coloreamos un debuxo de todos eles.





- Coñecemos a historia de Santiago e tamén a Catedral.



- Coñecemos a historia de como Xesús coñeceu aos seus amigos e decoramos un folio para facer un barquiño.



- Puxémoslle ao noso barco a bandeira co símbolo de Santiago e o número 12 (dos 12 apóstolos, amigos de Xesús).

